

A NOSA INDIFERENZA CONDÉNAOS AO ESQUECEMENTO

O 13 de febreiro de 2022, Xornada Nacional de Manos Unidas, propoñemos a celebración coas oracións propias da Misa para o progreso dos Pobos (Misas por diversas necesidades. Novo Misal Romano N.º 29, páx. 1.041). E as lecturas propias do VI domingo do tempo ordinario, ciclo C.



MONICIÓN DE ENTRADA

Benvidos ao encontro co Señor no domingo, día que celebramos a súa Resurrección e o anticipo do Reino.

Nesta asemblea festiva da familia de Deus, Manos Unidas, na súa 63 Campaña Contra a fame no mundo, convidáanos a ter presentes aos millóns de persoas que a padecen e chámanos a tomar conciencia da "desigualdade que alimenta a fame" co lema que acolleemos: «**A nosa indiferenza condénaos ao esquecemento**».

ORACIÓN COLECTA

(Novo Misal Romano, páxina 1.041).



MONICIÓN ÁS LECTURAS

A Palavra de Deus convidáanos a abandonar o que se opón á verdadeira felicidade do home. escoitemos con atención a súa chamada para poñer as nosas vidas na alegría do Ceo que nos anuncia o Señor Resucitado.

ORACIÓN DOS FIEIS



Celebrante: Oremos, irmáns, por todas as nacións, polos seus habitantes e polas súas necesidades, a fin de que a ninguén lle falte a axuda da nosa caridade.

● Pola Igrexa que anuncia a plenitude da felicidade para os pobres de espírito e os que sofren por mor da inxustiza.

Roguemos ao Señor.

● Polos gobernos dos pobos, para que promovan leis xustas priorizando o ben das persoas por riba de intereses económicos ou ideolóxicos.

Roguemos ao Señor.

● Polos que sofren a pobreza por mor dunha repartición inxusta dos bens, destinados para que todos teñan unha vida digna.

Roguemos ao Señor.

● Polos que traballan por restablecer a paz e a xustiza entre os pobos, como Manos Unidas. Que perseveren no seu labor, animados pola nosa colaboración e oración.


Roguemos ao Señor.

● Por nós, que queremos vivir a felicidade evanxélica, para que nas nosas opcións busquemos o ben común para crear unha sociedade máis fraterna.

Roguemos ao Señor.

Celebrante: Deus todopoderoso e eterno, que gobernas ceo e terra: escoita as oracións da túa Igrexa, concédenos a prosperidade temporal e os dons da túa bondade.

Por Xesús Cristo o noso Señor.



MONICIÓN Á COLECTA E PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

Coa colecta colaboraremos cos proxectos que Manos Unidas realiza en favor dos máis desfavorecidos e unirémola aos dons do pan e do viño, que presentamos para que se transformen na ofrenda grata a Deus e sexan consolo dos necesitados.

ORACIÓN SOBRE AS OFRENDAS

(Novo Misal Romano, páxina 1.041)



ORACIÓN DESPOIS DA COMUÑÓN

(Novo Misal Romano, páxina 1.041)



Día do Xaxún Voluntario

Venres, 11 de febreiro de 2022

Xornada Nacional de Manos Unidas

Domingo, 13 de febreiro de 2022

SUXERENCIAS PARA A HOMILÍA

▲ **Dato:** calcúlase que a fins de 2019 [antes da pandemia], América do Norte e Europa representaban o 55 % da riqueza global, con só o 17 % da poboación adulta mundial, riqueza tres veces superior á de América Latina, catro veces á de India e case dez veces á de África.

▲ **A desigualdade no crecemento xera máis pobreza, violencia e desigualdade de oportunidades para acceder aos dereitos humanos fundamentais** que faciliten unha vida digna para todas as persoas.

▲ **“Deus destinou a terra e canto ela contén para uso de todos os homes e pobos. En consecuencia, os bens creados deben chegar a todos en forma equitativa baixo a égida da xustiza e coa compañía da caridade”.** (*Gaudium et Spes* 69).

▲ “Ditosos os pobres no espírito, dá a entender que o reino dos ceos será daqueles que o mereceron máis pola humildade das súas almas que pola carencia de bens” (San León Magno).

▲ **A verdadeira pobreza de espírito convidanos a descubrir ao outro como ocasión de crecemento e entrega.**

▲ “Se non existe unha verdade transcendente, con cuxa obediencia o home conquista a súa plena identidade, tampouco existe ningún principio seguro que garanta relacións xustas entre os homes”. (*Centesimus annus* de Xóan Pablo II, en *Fratelli Tutti* 273).

▲ **A Resurrección do Señor é fonte de Vida para o cristián.**

MONICIÓN FINAL DE INVITACIÓN AO COMPROMISO SEMANAL

Propoñemos escoller un país do Sur ao que dediquemos unha oración cada día, para que xurdan solucións en favor dos que o Papa chama “descartados”.



Máis materiais de Formación Cristiá en:
manosunidas.org/sensibilización-parroquias